

A ODISEA

Christopher Nolan, 2026

1798

ESTREA EN NUMAX: 24.07.2026 | V.O.S.E. | 172 min

O lendario Odiseo loita por regresar a Ítaca tras a Guerra de Troia, enfrontándose a perigos épicos e criaturas míticas. Na súa longa viaxe, desafia deuses e supera obstáculos case imposibles. O seu maior desexo é reecontrarse coa súa amada Penélope e recuperar o seu fogar.



Un mar escuro coma o viño

Por Yago García

“Homero é a zona cero, o punto onde todo comeza”, defende o helenista Juan Manuel Macías, que argumenta que o atractivo do libro ten moita capas. “Ao inicio abraia o elemento fantástico, a viaxe, a aventura, os monstros. Co tempo vaise valorando tamén esa arquitectura tan alambicada e complexa, un anel (todo comeza e remate en Ítaca), a narración en *flashback*, que fai Odiseo das súas aventuras, etc. E ao remate un conclúe que *A Odisea* non é unha secuela da *Ilíada* senón unha subversión en toda regra”. Así, cando a arte de contar historias daba os seus primeiros pasos en Occidente, o autor do poema asumiu liberdades formais capaces de inspirar un fito da novela experimental como o *Ulises* de James Joyce e de estimular a ese Christopher Nolan cuxas paixóns (os narradores pouco fiables, o paso do tempo e as historias que se miran a si mesmas) coñecemos tan ben.

Se o inglés tramou, con filmes como *Memento*, *Orixes*, *Tenet* e sobre todo *O truco final*, uns labirintos formados por signos que se contradín, como non lle ía entusiasmar o maior mentireiro da mitoloxía clásica, en cuxa voz nos vemos obrigados a confiar durante boa parte do relato? “Homero non subliña con énfases innecesarias, non moraliza nin aconsella ao lector como debe sentirse”, di Macías. Algo que, engade, lle dá á historia a súa dobre condición de *nostos* (a narración que segue un heroe durante o seu regreso ao fogar) e de fin de ciclo, clausurando toda unha mitoloxía nesa conclusión onde os deuses xa se afastaron do noso mundo e a humanidade vese obrigada a convivir, mellor ou peor, mediante un contrato social. se a *Odisea* ten temas de fondo, pois, estes serían “a loita da memoria contra o esquecemento e a imposibilidade de volver ás orixes e de restituír a antiga orde”.

Se só fose por isto, Nolan xa tería material de sobra para construír un filme. Pero a *Odisea* é moito máis: a diferenza dunha *Ilíada* cuxo elenco se compón de deuses, reis e señores da guerra, na secuela caben desde bruxas e ninfas até un porqueiro, unha nodriza e un can comido polas carrachas. Sen esquecer eses monstros que, segundo o tradutor, traen o seu propio simbolismo. “Estila representa a perda inevitable; as sereas, a tentación do coñecemento absoluto; e o cíclope non é tanto o monstro clásico que habita o seu agocho, senón o oposto á civilización e as leis da hospitalidade”. Ademais, se a entrega anterior nos enguedellaba nas lérias do Olimpo, con esas deidades instigando carnizarías, o segundo poema conta cunha secundaria de luxo en Atenea (Zendaya no filme), deusa tutelar do protagonista.

Así pois, que clase de filme vai ser *A Odisea*? Imposible sabelo por agora, aínda que o seu autor semella ter respectado ese aspecto sobrenatural que, no texto homérico, se combina cun detallado realismo e que outras adaptacións do ciclo troián (desde a recente e estupenda *O regreso de Ulises* até a *Troia* onde Brad Pitt foi un Aquiles de pelo Pantene) elixiron pasar por alto. O único seguro é que a súa visión das aventuras de Ulises vai engadir un novo elo a unha cadea que non ten visos de rematar e que, ademais de no cinema e a literatura, tivo prolongación na música, as artes plásticas, a banda deseñada ou os videoxogos. Unha multiplicidade que, segundo Juan Manuel Macías, pon de relevo a verdadeira clave do poema: “cantos Homeros collen en Homero, e cantos nós collen en nós”.

Publicado en Cinemanía, xullo de 2026



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

La Odisea,
Homero
Combel, 2010